


COLEXIO Benquerer




Neste cole somos de:
BO TRATO • RESPECTO • CONFIANZA
EDUCACIÓN EMOCIONAL • DIVERSIDADE
COEDUCACIÓN • PENSAMENTO CRÍTICO

Presentación

● Temática e idades

O “Colexio do Benquerer” é a proposta de Fundación Meniños para traballar a educación afectivo sexual dunha maneira integral, cunha base de igualdade, respecto á diversidade, educación emocional e fomento do pensamento crítico. As actividades incluídas permiten a aprendizaxe de conceptos clave, así como a interiorización de habilidades socioemocionais que facilitan a construción de relacións sas. Os materiais están destinados a 5º e 6º de Primaria, pero o proxecto favorece a extensión do aprendido ao resto da escola, de maneira que hai actividades que se poden adaptar a niveis inferiores e outras que teñen como resultado un traballo gráfico que se pode compartir co resto do colexio.



● Estrutura

O proxecto está ambientado no ficticio colexio do Benquerer, un centro domótico de nova construción dirixido por Antía Aloumiños. Tal e como se explica no vídeo introdutorio (<https://bit.ly/ColexiadoBenquerer>), un virus pechou as aulas e demándase a axuda do alumnado do colexio para abrilas e así poder facer as actividades. Un pequeno xogo facilitará a pista da apertura da aula, e unha vez superada a actividade proposta na mesma o alumnado obterá unha carta de recompensa. Cada actividade realizada marcarase nunha escala de avance do Benquerer, e o grao alcanzado na mesma será certificado cun diploma a fina de curso.

● Gratuidade

A participación no mesmo é totalmente gratuíta para os colexios.




Materias

do Benquerer

● Materias do Benquerer


Este proxecto consta de 23 actividades que se estruturan en cinco áreas, cada unha liderada por un mestre ou mestra responsable:



 **Coñecemento persoal e aceptación:** abarca os temas relacionados coa bioloxía, os cambios da puberdade e o coñecemento e a aceptación persoal.


☞ Cibrán Cidreira



 **Diversidade:** aborda a diversidade sexual e a familiar, fomentando o respecto ás diferentes formas de ser e sentir. Tamén trata a diversidade no que respecta á beleza, procurando unha visión crítica dos modelos estéticos dominantes e fomentando a valoración positiva de cada persoa.


☞ Álex Agarimo




 **Comunicación e educación emocional:** estas actividades céntranse no desenvolvemento dunha comunicación empática e asertiva, axudando a entender as diferentes formas de expresar afecto e os distintos estilos comunicativos, así como facilitando o establecemento de relacións respectuosas.

☞ Bieito Biqueira



 **Prevención do abuso sexual infantil:** protexer aos nenos e nenas destas situacións pasa porque aprendan a identificar os seus límites persoais (e a recoñecer cando alguén os traspasa), a dicir que non, a aprender a identificar os segredos que poden ser danos para si ou para outra persoa, e a identificar a súa rede de persoas de confianza.


☞ Maruxa Maquieira



Materias

do proxecto




 **Análise social:** facer unha mirada crítica á sociedade favorece o rexeitamento dos estereotipos de xénero, dos mitos de amor romántico, das mensaxes sexistas e a detección de información falsa nas redes sociais.

 Mencía Método

● Materiais do proxecto

- ✓ Presentación en vídeo do proxecto.
- ✓ “Colexio do Benquerer”, un mapa navegable por medio da cal se acceden ás distintas aulas.
- ✓ Xogos introdutorios (retos a superar para acceder ás aulas).
- ✓ 23 actividades.
- ✓ Material complementario das mesmas.
- ✓ Intranet “Taboleiro dos coles”, de uso exclusivo para o profesorado participante. Conta cos recursos do proxecto e cunha rede social propia na que se pode compartir fotografías do traballado.
- ✓ Guía de aplicación do proxecto.
- ✓ Bibliografía e filmografía recomendada para ampliar o traballado no proxecto.
- ✓ Banner do proxecto para visibilizar a participación na web ou blog do colexio.



Aplicación,

compromiso e inscrición

● Aplicación

A aplicación do proxecto realízase por cada mestre ou mestra na súa aula e é flexible, xa que o profesorado pode escoller as actividades que mellor encaixen co seu alumnado e adaptalas as súas necesidades. Igualmente, pódese estruturar o proxecto de tal maneira que abarque máis dun curso ou establecelo centrado nun período concreto (por exemplo, un ou dous trimestres).

● Compromiso do centro

Coa inscrición, pedímoslle aos coles tres compromisos:

- ✓ Facer ao menos unha das actividades propostas
- ✓ Subir algunha fotografía do traballado ao "Taboleiro dos coles".*
- ✓ Cubrir a enquisa de avaliación final.

* As fotografías serán preferentemente de traballos ou, en caso de saír os nenos e nenas, será de costas, as mans... Non se publicarán fotografías nas que se recoñeza ao alumnado.

● Información e inscrición

Queres ser parte do colexio do Benquerer?
Escríbenos a proxectos.educativos@meninos.org
ou chama ao teléfono 881 969 463.



“

Queremos invitarte a coñecer a nova proposta educativa da Fundación Meniños pensada para traballar a educación afectivo sexual a través de actividades e xogos variados nos que se abordarán temas como o coñecemento e a aceptación do corpo, a diversidade sexual e a prevención do abuso sexual entre outros temas.



 meniños

 XUNTA DE GALICIA

 Deputación DA CORUÑA

 FERRO

FUNDACIÓN
José Otero - Carmela Martínez

 COLEXIO Benquerer



proxectos.educativos@meninos.org



(+34) 881 969 463